

**ACTA Nº 5 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO GRUPO C, SUBGRUPO C1, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE RESERVAS NO MARCO DO PLAN OROSO DIXITAL 2018 – 2020.**

Constitúese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 572/2018 DO 29/05 para proceder á realización do segundo exercicio do procedemento de selección dunha praza de funcionario/a interino/a do Grupo C, Subgrupo C1, escala Administración Xeral, Subescala Administrativo polo procedemento de oposición libre e a creación dunha bolsa de emprego, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 359/2017 do 10/04/2018.

Data da sesión: 02/08/2018.  
 Hora de inicio: 16:00 horas.  
 Hora de finalización: 16:50 horas.

Asistentes:

D. Félix Manuel Carrasco del Pozo (Presidente).  
 D. Javier Santos González (1º vogal).  
 Dª. Rosa Ana García Fernández (2º vogal suplente).  
 D. Federico Suárez Cancelo (Secretario).

Reunido o Tribunal á data e hora anteditas, no Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa, en cumprimento do disposto nas Bases de Selección, e conforme ao acordado polo Tribunal de Selección en sesión do 24/07/2018, procedese a levar a cabo a cuarta proba (proba de coñecemento da lingua galega para todos/as aqueles/as aspirantes que tiveran superado o terceiro exercicio e non houberen presentada na solicitude de admisión no proceso selectivo a declaración de estar en posesión do certificado CELGA nivel 4 ou ter superado os estudos conducentes á obtención da validación de competencia de lingua galega equivalente ao CELGA 4 SEGUNDO A Orde de 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014, ou estar en condición de obtelos como máximo á data de remate de presentación de instancias.

Procédese por parte do Tribunal ao chamamento dos aspirantes que teñen que someterse a esta proba :

NOME	APELIDOS	OBSERVACIÓNS
ANA	CALVO LÓPEZ	COMPARECE

A continuación levase a cabo o exercicio consistente na tradución dun texto do castelán ao galego durante unha duración máxima de 30 minutos.

Unha vez rematado o exercicio o Tribunal de Selección procede á corrección do mesmo conforme o previsto nas bases de selección e conforme aos criterios sinalados aos aspirantes co seguinte resultado aprobado por unanimidade dos membros con dereito a voto:

NOME	APELIDOS	RESULTADO
ANA	CALVO LÓPEZ	APTA

Á vista do anterior e tendo en conta que o punto 10 das bases de selección establece que: “A cualificación definitiva da oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.

*De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal propondrá o nomeamento do aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas na oposición obtivera a maior puntuación. No caso de empate terá preferencia aquel aspirante que teña obtido unha maior puntuación na segunda proba; en caso de persistir o empate aquel que tivera obtido un maior número de respostas correctas na primeira proba. Se pese a isto persistise o empate resolverase mediante sorteo público ante o tribunal.”*

Sumando as puntuacións obtidas polos candidatos declarados aptos, nos distintos exercicios puntuables obtense os seguintes resultados:

POSICIÓN	NOME	APELIDOS	1ª PROBA	2ª PROBA	TOTAL
1ª	MANUELA	VARELA NUÑEL	7,270	13,10	20,370
2ª	MARÍA	FERNÁNDEZ BOUZAS	6,185	10,50	16,685
3ª	ANA	CALVO LÓPEZ	6,360	9,90	16,260
4ª	MARIÑA	POSE GARCÍA	6,140	8,65	14,790
5ª	ZITA	LÓPEZ TEJEIRO	5,030	8,00	13,030

Polo que o Tribunal por unanimidade dos seus membros propón á Alcaldía que proceda ao nomeamento de D<sup>a</sup>. MANUELA VARELA NUÑEL con DNI nº 32840361H como funcionaria interina, do Grupo C, Subgrupo C1, escala Administración Xeral, Subescala Administrativo para reforzar os servizos de Secretaría e Intervención na implantación do Plan Orosó Dixital 2018-2020

De conformidade co previsto no punto 11º das Bases de Selección a aspirante proposta, achegará no **prazo de 10 días naturais**, contados a partir da publicación da presente acta a documentación sinalada nas citadas bases e someterase ao correspondente recoñecemento médico polos servizos do Concello, coa advertencia de que a non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nas ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forma maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, suporá que o aspirante non poderá ser nomeado funcionario interino e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase á mesma á hora anteriormente indicada de todo o cal se da fe, asinado o Secretario e o Presidente do Tribunal de xeito electrónico.

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Orosó, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Avenza Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos, persoais enviando ao concello unha carta debidamente estillada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

CVD: jaTizLHkoH69nneb6Jo2  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.